

xullo), de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, e na Orde do 24 de maio de 2006 (DOG nº 106, do 5 de xuño), pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, e en virtude das competencias atribuídas polo Decreto 311/2009, do 28 de maio (DOG nº 109, do 5 de xuño), polo que se establece a estrutura orgánica dos servizos centrais do Servizo Galego de Saúde, e na Orde do 15 de xuño de 2009 (DOG nº 119, do 19 de xuño), sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde,

RESOLVE:

Anunciar a convocatoria para cubrir, polo procedemento de avaliación colexiada, un posto vacante de xefe/a do Servizo de Neuroloxía.

As bases íntegras da citada convocatoria estarán expostas nos taboleiros de anuncios do complexo hospitalario e na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es).

As solicitudes e a documentación anexa que conteña a xustificación dos requisitos e méritos alegados deberán presentarse no rexistro xeral do Complexo Hospitalario de Ourense, sito no edificio administrativo, planta baixa, dirixidas á xerente xeral do complexo hospitalario, no prazo de 15 días hábiles contados desde o seguinte á data da publicación do anuncio desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Así mesmo, poderán presentarse a través de calquera dos rexistros previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Ourense, 9 de decembro de 2009.

Eloíña Núñez Masid
Xerente xeral do Complexo Hospitalario
de Ourense

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Resolución do 17 de novembro de 2009 pola que se corríxen os erros que foron advertidos na Resolución do 28 de outubro de 2009 pola que se convocan probas selectivas, polo sistema de promoción interna, para a provisión de catro (4) prazas de conserxe vacantes no cadro de persoal laboral da Universidade da Coruña.

Unha vez advertido un erro na cláusula primeira, punto 1.1, parágrafo segundo, da Resolución do 28

de outubro de 2009 pola que se convocan probas selectivas, polo sistema de promoción interna, para a provisión de catro (4) prazas de conserxe vacantes na relación de postos de traballo da Universidade da Coruña, esta reitoría, segundo o que dispón o artigo 105.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, rectifica e publica o dito erro do xeito que se indica:

Onde di:

«As solicitudes dirixíranse ao reitor da Universidade da Coruña no prazo de vinte (20) días naturais que contará a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria no BOE. Para os efectos de cómputo de prazos considerárase inhábil o mes de agosto».

Debe dicir:

«As solicitudes dirixíranse ao reitor da Universidade da Coruña no prazo de vinte (20) días naturais que contará a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Para os efectos de cómputo de prazos considerárase inhábil o mes de agosto.

Debido a isto ábrese un novo prazo de presentación de solicitudes, que empezará a contar desde a data de publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

A Coruña, 17 de novembro de 2009.

José María Barja Pérez
Reitor da Universidade da Coruña

Resolución do 27 de novembro de 2009 pola que se nomea profesor titular de universidade da área de coñecemento de enxeñaría do terreo a Luis Montenegro Pérez.

De conformidade coa proposta da comisión designada para vulgar o concurso de acceso que convocou esta universidade por Resolución do 3 de setembro de 2009 (BOE do 21 de setembro), para a provisión da praza número 09/019 de profesor titular de universidade da área de coñecemento de enxeñaría do terreo, departamento de Tecnoloxía da Construción desta universidade, a favor de Luis Montenegro Pérez, con DNI número 32787605-R, e unha vez que o interesado acreditou os requisitos establecidos na convocatoria.

Esta reitoría, no uso das atribucións que lle confire o artigo 20 da Lei 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e demais disposicións que a desenvolven, resolveu nomear a Luis Montenegro Pérez, profesor titular de universidade, da área de coñecemento de enxeñaría do terreo, departamen-